

# BANDO

**EVA MARÍA PÉREZ GAMOTE, ALCALDESA - PRESIDENTA  
DO CONCELLO DE VILARDEVÓS,**

## **FAGO SABER:**

A nosa veciñanza que, dende a empresa concesionaria encargada da recollida do lixo en toda a Mancomunidade de Municipios de Verín, se nos transmite a todos os Concellos asociados que están tendo problemas para vaciar na pranta de transferencia do Polígono de Pazos pola falta de contenedores de SOGAMA, provocando que os pobos quédense sen o servizo estipulado.

Dende o Concello estase reclamando á empresa concesionaria que se axilice e solvente dito problema na maior brevidade posible.

Disculpen as molestias que isto lles poida ocasionar.

Vilardevós, 1 de agosto de 2024

